

EDUCACIÓN INFANTIL

Na etapa de educación infantil o profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado e terá en conta a lingua do entorno e coidará de que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial.

O uso do galego como lingua de comunicación e ensinanza será, como mínimo, igual á da lingua castelá.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Na educación primaria impartirase obrigatoriamente en galego as áreas de matemáticas, coñecemento do medio natural, social e cultural e educación para a cidadanía.

O alumnado recibirá, como mínimo, o 50% da docencia en galego.

OS MATERIAIS CURRICULARES

Os materiais que se empreguen nas áreas que se imparten en lingua galega estarán escritos, con carácter xeral, en lingua galega.

Nas áreas impartidas en lingua galega o alumnado utilizará, con carácter xeral, o galego nas manifestacións orais e escritas.

A NOVA REGULACIÓN DO IDIOMA GALEGO NO SISTEMA EDUCATIVO

Decreto 124/2007




XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



OS ANTECEDENTES

O decreto 124/2007, do 28 de xuño regula o uso e a promoción do idioma galego no sistema educativo.

A Constitución establece, no seu punto 1, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como a lingua propia de Galicia, que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. Así mesmo, establece que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A lei 3/1983, do 15 de xuño, indica, no seu artigo 14, que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais.

O decreto 247/1995 reconece que a adquisición dunha competencia comunicativa en galego por parte do alumnado só se pode conseguir a través da utilización vehicular desta lingua nunha parte significativa do currículo.

O novo decreto 124/2007 deroga o anterior e elabora unha nova normativa orientada a propiciar a igualdade plena e efectiva entre as dúas linguas oficiais por parte de toda a poboación escolar garantindo a mesma competencia en ambas as dúas linguas.



A NOVA REGULACIÓN

NA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA —

Os centros de ensino e o persoal ao seu servizo usarán, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarán o seu uso oral e escrito.

Os documentos administrativos e as actuacións administrativas de réxime interno, actas, comunicados e anuncios redactaránse, con carácter xeral, en galego.

HORARIO DE LINGUA GALEGA —

Asignaráselle globalmente o mesmo número de horas ao ensino da lingua galega e castelá.

Nas clase de lingua galega e castelá usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como do alumnado.

Nos documentos didácticos referidos ao castelán poderase usar esta lingua.

A LINGUA MATERNA —

A lingua materna predominante no centro será establecida polo claustro, de acordo cos criterios establecidos no seu proxecto lingüístico de centro.

